

Resolución reitoral pola que se publica a listaxe definitiva de solicitudes excluídas nas bolsas para a difusión dos resultados de investigación do estudantado de doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural, no curso académico 2022/2023

De conformidade co establecido no punto 6 do anexo I da Resolución Reitoral do 18 xullo de 2023 no que se regulan as bases da convocatoria das bolsas para a difusión dos resultados de investigación do estudantado de doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural, no curso académico 2022/2023 unha vez rematado o prazo de presentación de alegacións e vistas as solicitudes de desistimento presentadas por Andrés Rodríguez Dorna e Ana Solares Canal

Visto o artigo 68.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

esta Reitoría RESOLVE:

Publicar a **listaxe definitiva de solicitudes excluídas** (véxase o anexo I).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade,

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I
LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES EXCLUÍDAS

Apelido1	Apelido2	Nome	Código
Rodríguez	Dorna	Andrés	1
Solares	Canal	Ana	1

Código	Causa de exclusión
1	Desistimento da persoa interesada

